



Expediente 6535/2016

**Sesión Ordinaria número 13 celebrada polo Pleno do Concello o día
29 de setembro de 2016**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 12/2016 do 08/09/2016.
2. Toma de posesión como Concelleira dona Ángela Antón Pazos.
3. Dar conta de acordos sobre delegación de competencias.
4. Dar conta expedientes de modificación de crédito.
5. Proposta modificación do contrato de servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Redondela formalizado con Jornet Llop Pastor + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete i Andreu, UTE.
6. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.
7. Actividade de control do pleno
 - 7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 7.2 Solicitudes de comparecencia
 - 7.3 Mocións
 - 7.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 21 de setembro de 2016, e sendo as vinte horas do 29 de setembro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos (incorporada á sesión unha vez realizada a toma de posesión), Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Non asiste excusando a súa ausencia o concelleiro Bernardo Crespo Abal.

O Alcalde fai un receso ás 20.35 e reanúdase a sesión ás 20.45 horas, por problemas na iluminación.

O Alcalde fai un receso ás 21.45 e reanúdase a sesión ás 22.00 horas.

A concelleira Quintáns Costoya deixa a sesión tras a votación do sexto punto da orde do día.

1. Aprobación, de der o caso, da Acta da Sesión Ordinaria Nº 12/2016 do 08/09/2016.

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 12/2016 do 08/09/2016.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

2. Toma de Posesión da Concelleira Dona Ángela Antón Pazos.

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente á concelleira ÁNGELA ANTÓN PAZOS, a cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, de acordo coa fórmula legalmente establecida, toma posesión do seu cargo de concelleira a todos os efectos.

3. Dar Conta de Acordos sobre Delegación de Competencias.

Dase conta das Resolucións ditadas polo Alcalde en data 09 de setembro de 2016 en uso das competencias que lle outorgan os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), polas que amplía as seguintes competencias nos concelleiros da corporación local:

- Na concelleira María Teresa París Blanco, amplía o ámbito das competencias delegadas por Resolución de 19.06.2015, con delegación especial da dirección interna e a xestión en xeral dos servizos de Cultura e Turismo sen que poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo, amplíase a dedicación parcial a 1370 horas anuais percibindo unha retribución bruta de 23.000 euros (12 mensualidades).
- No concelleiro Julio César Mougán Vázquez, amplía o ámbito das competencias delegadas por Resolucións de 19.06.2015 e 31.07.2015, con delegación especial da dirección interna e a xestión en xeral do servizo de Novas Tecnoloxías sen que poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- Delega na concelleira María Teresa París Blanco a presidencia da comisión

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



informativa de cultura e turismo.

O Concello pleno queda informado.

4. Dar Conta Expedientes de Modificación de Créditos.

Expediente MC 12-16 GC 06-16 mediante xeración de créditos por importe de 456.867,20 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13.09.2016.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

5. Proposta Modificación do Contrato de Servizo de Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Redondela Formalizado con Jornet Llop Pastor + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete I Andreu, Ute.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa do plan xeral na súa sesión do día 26/09/2016 que di:

“ASUNTO. PROPOSTA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE REDONDELA FORMALIZADO CON JORNET LLOP PASTOR + MARÍA RÍOS CARBALLEIRA + GABRIEL JUBETE I ANDREU, UTE.

Pola presidencia dase conta da súa proposta de 22.09.2016 do seguinte tenor:

O Concello Pleno en sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2015 adxudicou á UTE formada por Jornet Llop Pastor + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete i Andreu (en adiante equipo redactor) o contrato de servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Redondela, formalizándose en documento o 06.03.2015.

O equipo redactor plantexa con rexistro de entrada no concello 2016-E-RC-14238, 21.09.2016, unha *addenda* ao contrato de redacción do PXOM, amparado na entrada en vigor o 19 de marzo de 2016, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Propoñen a modificación da cláusula 12 dos PCAP en canto á documentación a presentar nas distintas fases de execución do contrato e os tempos, así como o axuste do pagamento á ditas fases da cláusula 3, manténdose as catro fases e o prazo de execución total do contrato establecido na cláusula 5 do PCAP.

Visto o informe emitido pola técnica de administración xeral adscrita a urbanismo en data 21.09.2016, no que conclúe con baseamento nas consideracións legais que expoñe que non habería inconvinte na modificación do contrato formalizado coa UTE Jornet Llop Pastor + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete i Andreu para a redacción do PXOM, respecto á cláusula 12, en canto á documentación a presentar nas distintas fases de execución do contrato axustada á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os tempos, así como o axuste do pagamento á ditas fases da cláusula 3, sen prexuízo respecto a ésta última do informado polo interventor xeral, manténdose as restantes previsións en cadansúa fase que se recollen nas cláusulas 3 e 12 e o prazo de execución total establecido na cláusula 5 do PCAP.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Visto o informe emitido polo Interventor xeral de Concello en data 22.09.2016.

Vista a cláusula 8 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen no contrato, os artigos 156, 211 e 219 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, esta Presidencia ten a ben propoñer á comisión informativa do Plan Xeral que ditamine favorablemente a adopción polo Pleno do Concello do seguinte ACORDO:

Modificar o contrato formalizado con Jornet Llop Pastor + María Ríos Carballeira + Gabriel Jubete i Andreu, UTE para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Redondela, no referente á cláusula 12 de fases de execución do contrato do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, en canto á documentación a presentar nas distintas fases de execución do contrato e os tempos, así como o axuste do pagamento á ditas fases da cláusula 3, quedando redactado do xeito que a continuación se define, manténdose as restantes previsións en cadansúa fase que se recollen nas cláusulas 3 e 12 e o prazo de execución total establecido na cláusula 5 do PCAP.

> Primeira fase: Elaboración do Borrador de Plan e Documento Inicial estratéxico (9 meses) dende a sinatura da addenda ao contrato.

> Segunda fase: Presentación do documento para a probación inicial (6 meses) dende a recepción do informe da Consellería.

> Terceira fase: Presentación do documento para aprobación provisional (6 meses)

Informe respecto do contido das consultas, informes sectoriais e alegacións e proposta de estimación ou desestimación e das modificacións a incluír no PXOM. (3 meses) dende a recepción dos informes sectoriais e consultas.

Documento para a aprobación provisional, (3 meses) dende que se remita ao equipo redactor a a memoria ambiental ou a comunicación da súa aceptación presunta.

> Cuarta fase: Documento para aprobación definitiva (5 meses)

Documento da aprobación definitiva, (4 meses) a contar dende a recepción da comunicación da consellería.

Documento final (1 meses) dende a comunicación ao adxudicatario da aprobación definitiva do PXOM.

Addenda ao contrato na súa cláusula 4, o pagamento do prezo realizaríase mediante pagos parciais de cada unha das fases de execución descritas anteriormente, segundo:

- Sinatura do contrato de elaboración do PXOM 15%
- Elaboración do Borrador de Plan e Documento Inicial estratéxico 20%
- Presentación do documento para aprobación inicial 20%
- Presentación do documento para aprobación provisional 20%



- Presentación do documento para aprobación definitiva 25%

Intervencións:

.../...

Votación e ditame:

A comisión informativa do Plan Xeral, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor (do P.P.) e 2 abstencións (1 do PSdeG-PSOE e 1 de AER), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non asistiu á xuntanza da comisión por responsabilidades de traballo. Di que a modificación é consecuencia doutra nova lei do solo aprobada pola Xunta, non lle gusta, pero a van apoiar.

O Alcalde lle resposta que as comisións tamén son traballo e que todos concilian para poder asistir a elas.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que cando comezouse coa tramitación do PXOM, xa advertiron dos prazos, desconfían que poidan ter máis atrancos. Apoian un bo PXOM para Redondela. Logo de rematada a comisión, preguntou se o equipo redactor podería estar disposto para reunións con eles para obter información e se lles dixo que non, xa que se trataría nas comisións as cuestións que se plantexaran, lles parece pouco transparente. Desconfían que neste mandato saia o PXOM.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o PSdeG-PSOE cando gobernou non aprobou ningún Plan. Din que hai desconfianza, pero non é así porque están levando toda a información ás comisións. Todas as propostas terán que plantexarse en aberto co equipo redactor en comisión, para que sexa o Plan Xeral de transparencia. É unha modificación que se vai entregar nos prazos pero dentro do prazo xeral do contrato. Remata respostando ao voceiro do BNG que as comisións póñense no horario que o concelleiro propuxo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO lle resposta que asiste ás comisións das 8.30 e que as que se celebran ás 14:00 horas indicara que eran ás do xoves.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que van votar a favor.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO manifesta que advertiron cando se iniciou o proceso que era probable que a lei do solo cambiase. Pregunta á concelleira Amoedo Dasilva se cree que a cidadanía de Redondela entérase da tramitación do PXOM, coa ferramenta creada *Idea Redondela*. Van absterse porque non se fían deles.

A concelleira AMOEDO DASILVA lle resposta que o PSdeG-PSOE non quere que se aprrobe o PXOM. Non teñen interese en que os veciños teñan un PXOM.

Concello de Redondela



VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 14 votos a favor (9 do PP, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 6 abstencións do PSdeG-PSOE.

6. Aprobación da Modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 29/06/2016 que di:

“Asunto.- Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

Vista a Proposta da Presidencia , de data 23 de xuño de 2016, que transcrita di:

“Asunto: expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

A súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o Concello debe contar con recursos para poder afronta-la prestación destes servizos.

Neste caso trátase de adaptar á Ordenanza a situación económica da poboación. Polo que se propón a modificación do tipo impositivo, existindo un para cada un dos períodos de xeración do incremento de valor.

PERÍODO 1 A 5 ANOS 28%

PERÍODO ATA 10 ANOS 25%

PERÍODO ATA 15 ANOS 19%

PERÍODO ATA 20 ANOS 15%



Así mesmo, tamén se procede a adaptar a ordenanza fiscal á lexislación vixente, desaparecendo o número dous do artigo sexto e debendo aparecer unha nova exención como letra c) no artigo cuarto.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana

SEGUNDO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

TERCEIRO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo da ordenanza para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP ,e as abstencións do PSG- PSOE, e AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

Segundo.- Enmenda á totalidade da proposta da Alcaldía ditaminada pola comisión informativa de economía e facenda de data 29.06.2015 presentada polos grupos da oposición con rexistro de entrada o 06/09/2016 2016-E-RC-13291, a cal foi obxecto, logo da mellora na redacción do seu contido, con ditame desfavorable pola comisión informativa de economía e facenda en sesión do 23/09/2016.

“Asunto.- Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

Vista o escrito presentado pola oposición en data de 6 de setembro, propondo a modificación da devandita ordenanza, a Comisión decide adoptar o seguinte ditame:

“Asunto: expediente de aprobación de modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

Proponse a modificación do texto vixente na ordenanza no seu apartado terceiro do artigo noveno tomando os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana do seguinte tenor

“3. a) Cando o incremento de valor se manifeste por causa de morte, respecto da transmisión da propiedade da vivenda habitual do causante ou da constitución ou transmisión dun dereito real de goce limitativo de dominio sobre o referido ben a favor dos descendentes, ascendentes, por natureza ou adopción, e do cónxuxe, a cota do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo correspondente a ditos bens mediante a aplicación das seguintes porcentaxes redutoras:

- O 95% se o valor catastral do solo é inferior ou igual a 15.000 €.

- O 75% se o valor catastral do solo é superior a 15.000 € e non excede os 35.000 €.

Concello de Redondela



- O 50% se o valor catastral do solo é superior a 35.000 € e non excede os 50.000 €.
- O 15% se o valor catastral do solo é superior a 50.000 €.

Para os efectos do goce da bonificación equipárase ao cónxuxe a quen convivise co causante con análoga relación de afectividade, cando menos durante un ano, e o acredite mediante certificado de inscrición no rexistro de unións de parellas de feito expedido para o efecto.

Para gozar desta bonificación será preciso que o sucesor manteña a adquisición durante os catro anos seguintes ao devengo deste imposto. De non cumprirse este requisito de permanencia, ingresará o importe da bonificación aplicada cos correspondentes intereses de demora. O suxeito pasivo realizará este ingreso complementario polo procedemento de autoliquidación, no prazo dun mes contado dende a transmisión que orixina a perda da bonificación.

b) No que concirne ás transmisións mortis causa de locais nos que o causante, a título individual, exercía efectivamente de forma habitual, persoal e directa actividades empresariais ou profesionais, sempre que os adquirentes sexan o cónxuxe, os descendentes ou adoptados, ou os ascendentes ou adoptantes, e o convivinte nas unións estables de parella, constituídas de acordo coas leis de unións deste tipo, poderá gozar dunha bonificación dun 95% na cota. O goce definitivo desta bonificación permanece condicionado ao mantemento da adquisición no patrimonio do adquirente, así como do exercicio dunha actividade, durante os cinco anos seguintes á morte do causante, salvo que morrera o adquirente dentro deste prazo.”

Polo seguinte texto:

“3. Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, na transmisión de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.”

Propónse a inclusión dunha nova letra c) no artigo cuarto da devandita ordenanza co seguinte texto:

“c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaiga sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar a enaxenación da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade comprobárase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurara empadronado o contribuínte de forma ininterrompida durante, ó menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se dito prazo fose inferior ós dous anos.

Respecto ó concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e



sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.”

Proponse que o apartado primeiro do artigo noveno da ordenanza onde di que:

“1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación dos artigos 7 e 8, o tipo de gravame do 30%.”

Se cambie pola seguinte redacción:

“1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación dos artigos 7 e 8, o tipo de gravame do 15%.”

SEGUNDO.- Faculta-lo Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

TERCEIRO.- Autoriza-los Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo da ordenanza para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a en contra do PP, e os votos a favor do PSG- PSOE, e BNG e concelleira non adscrita, estimaron oportuno ditaminar desfavorablemente a proposta.”

Proponse polo Alcalde a incorporación da seguinte enmenda, a continuación do primeiro parágrafo do punto 3 proposto na enmenda anterior.

Para os efectos do goce da bonificación equipárase ao cónxuxe a quen convivise co causante con análoga relación de afectividade, cando menos durante un ano, e o acredite mediante certificado de inscrición no rexistro de unións de parellas de feito expedido para o efecto.

Polo Alcalde explícase aos presentes o tratamento do asunto e o seu debate, e pola asinante dase lectura á proposta inicial e á enmenda á totalidade.

Logo da lectura, en primeiro lugar procédese á votación da admisión das enmendas segundo o contido antes redactado.

VOTACIÓN ADMISIÓN ENMENDAS:

Sometida a votación a admisión da deliberación das enmendas de acordo co disposto no artigo 97 do ROF, apróbanse, a primeira, por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP, e a segunda admítese por unanimidade.

Deseguido o Alcalde da paso ás intervencións para a deliberación e votación da enmenda segundo o procedemento habitual de turno da palabra:



INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a oposición quere baixar a plusvalía. O PP non quere chegar a un consenso coa oposición. Queren que apoiem a súa proposta.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se fai xustiza á demanda que gran parte dos veciños de Redondela están facendo. A responsabilidade que asumiron os grupos da oposición confluiu nesta proposta. Os veciños pagaban un imposto moi elevado. O PP no 2013 o actualizou, e o BNG xa dixera que non estaba a favor da plusvalía. O equipo de goberno presenta os números en positivo por cobrar un imposto de xeito desmesurado. Cobrouse con cinco anos de retroactividade. Consideran que deberíase reducir e incluso eliminar. En exercicio de responsabilidade os grupos da oposición dilles ao grupo de goberno como teñen que actuar. Non están de acordo de que se trate como un imposto que se grave aos que máis teñen. Remata a súa intervención, dicindo que se congratulan de que vaia para diante.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian esta proposta e que participan dela porque lles parece un imposto inxusto para os veciños de Redondela. Cren que este Concello pode asumir esta redución a pesar da dureza do informe de intervención. A pesar da dificultade de concretar as cantidades, consideran que a redución é importante. No seu día na proposta que plantexou o equipo de goberno, solicitaron información e non se lles facilitou. Agora teñen a información dos ingresos que lle facilitaron do servizo de recadación, pero a tiveron que solicitar directamente á Alcaldía, e na documentación que facilitóuselles faltaban datos.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a proposta da Alcaldía de xuño deste ano partiu da mesa de traballo que os membros non apoiaron. O Informe de intervención non é favorable pero abogan por esta modificación proposta. Nun exercicio responsable non apoian a proposta do alcaldía porque non é lineal, proporcional e non é xusto. É un imposto potestativo, e concellos como o de Pazos de Borbén non o aplica. A oposición plantexou a súa proposta a principios de xuño e o alcalde non considerou a mesma. Fai tres meses plantexaron esta proposta e tres meses despois a tratan. Di que é algo moi necesario, que os veciños de Redondela demandan. Di que o imposto grava a todos por igual. Piden unha revisión catastral, hai medidas legais que permita que non suba o imposto. Coa proposta da oposición vai afectar a todos por igual, como a bonificación nun 95% de herdanzas e en dacións en pago. Tamén redución do tipo impositivo ao 15%.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a primeira modificación do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana a fixo o PP no ano 2013 facendo unha primeira rebaixa neste imposto, bonificación en vivenda habitual e nas herdanzas, coa abstención de AER. A responsable da concellería de facenda nese momento tivo varias xuntanzas, xa presentara proposta na que se falaba da redución do 15% pero nese momento non se quixo propoñer conxuntamente, e que agora traen. Enviouse outra proposta en novembro de 2015 que á oposición non lle serviu. Di que se falan de capacidade de consenso e se está na mesma liña de baixar o imposto tiñan que ter chegado a un acordo nese intre, pero o que non queren é chegar a acordos co PP. Respóstalles que aducen que non é un imposto xusto, pero fixan por igual un 95% de bonificación a todas as herdanzas. Bonifican ao que máis ten porque aplican a mesma porcentaxe ao que menos ten. Di ao concelleiro Álvarez Castro, que no seu día na aprobación da ordenanza, o PSdeG-PSOE non plantexou ningunha



alegación. Remata a súa intervención dicindo que queren tratar igual aos que máis teñen que aos que menos teñen, é a realidade dos grupos da oposición.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai moitos veciños que reciben herdanzas que están por riba das súas posibilidades e que non poden facer fronte. O informe do interventor é unha lavazada ao equipo de goberno. Di que eles malgastan, e que vai ver un desequilibrio económico, porque non saben xestionar. Non etende que non apoiem o 15% se no seu día o plantexaron como di. Di que non teñen capacidade para gobernar en Redondela. O seu plantexamento inicial era derogala. Remata indicando que apoian esta proposta porque beneficia a moitos veciños e veciñas de Redondela.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ resposta á concelleira Amoedo Dasilva cando fala de que o PP fixo o primeira rebaixa do imposto no ano 2013, no rexistro de xullo solitaron informe do servizo de recadación, e dende xaneiro de 2013, con toda esa redución que se fixo, o ano pasado recadaronse por xestión 650.000 euros. Na reunión do 13 de xullo, que a oposición planteou esta proposta, o Alcalde dixo que tamén poderíase eliminar, e terse en conta. Nesa comisión advertiuse polos servizos económicos de que a redución de ingresos ía ser grande. Na seguinte comisión deúselles informe dos servizos económicos á oposición onde se dicía onde se reducían os ingresos e o equipo de goberno cambiou de postura. Respecto á abstención no ano 2013, lémbrale que gracias a AER a empresa Servicio devolve cartos ao concello, tamén conseguiron que se destinase un 1% de barreiras arquitectónicas. Non teñen xustificación, teñen medo de que non se cumpran as magnitudes da redución, pero o teñen que facer é xestionar os gastos.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO indica á concelleira Amoedo Dasilva que na súa exposición cometeu importantes erros, dixo que gravaban co mesmo tipo. A bonificación do 95% propónse lineal. Fala do ano 2013, que fixeron modificación na que o PSdeG-PSOE participou. Di que xa hai un imposto autonómico que grava ás herdanzas e o imposto municipal é potestativo. Deben actuar como alcaldes de municipios limítrofes, como Pazos de Borbén ou Soutomaior que non aplican este imposto. O equipo de goberno non baixa o imposto. Di que se unan á proposta de baixada do imposto. Remata indicando que con esta proposta vaise aprobar unha mellora real.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que no pleno de 2013 onde se fixo a primeira rebaixa do imposto, o Sr. Orge Míguez entón concelleiro do PSdeG-PSOE dixo que ía votar a favor, e xa indicaba na súa intervención que a non aplicación era algo para non enorgullecerse. A proposta do equipo goberno, traía a imposición por tramos na herdanza, tramos por antigüidade da propiedade. Con esta enmenda o que se consegue é barra libre para todos. Manifesta a AER, que co planteamento que fan non cumpren co seu programa, de xusta distribución de carga de impostos. Di á concelleira Quintáns Costoya que non debate, nun primeiro turno le un escrito e logo nunha segunda intervención non fala.

A concelleira QUINTANS COSTOYA quere intervir por alusións.

O Alcalde chama a orde por primeira vez ao concelleiro Figueroa Rodríguez por interrupción do debate.

Por interrupcións no debate dos concelleiros, o Alcalde suspende o pleno 5 minutos, ás 21:30 horas.

Concello de Redondela



Logo, retómase o turno da palabra, a concelleira AMOEDO DASILVA pide disculpas á concelleira Quintáns Costoya polo seu comentario, e que en ningún momento fixo alusións de tipo persoal. Deseguido segue coa súa intervención, di que AER contradícese. Non entende que apoiem esta proposta. A orixe é dunha proposta inicial do PP de rebaixa fai un ano. Con esta proposta da oposición, o Concello vai deixar de ingresar 560.000 euros. No informe do interventor di que estamos avocados a facer un Plan Económico Financeiro. Non están de acordo coa bonificación do 95% a todas as herdanzas. Resposta ao concelleiro Álvarez Castro que o equipo de goberno quere facer unha rebaixa que sexa xusta, e non igual para todos. Pregunta se os assemblearios de AER aprobaron esta proposta. Di que a baixada da plusvalía que propoñen é inxusta, vanse abster porque cren que hai que facer unha baixada pero non están de acordo coa barra libre para todos.

VOTACION E ACORDO:

Sometidas as enmendas a votación, apróbanse por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.

O alcalde da paso á concelleira AMOEDO DASILVA para que matice o voto de abstención. A cal manifesta que a proposta de redución do 15% xa se plantexara pola anterior concelleira de economía e facenda, e abstéñense porque entenden que é necesaria a redución pero non están de acordo en que sexa o 95% de bonificación da herdanza para todos.

.

.../....

Faise un receso ás 21.45 e reanúdase a sesión ás 22.00 horas.

7. Actividades de Control do Pleno.

7.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

7.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

7.3. Mocións.

7.3.1. Moción de AER sobre sinalización con pictogramas en espazos públicos.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 11/04/2016 con número 4582 que se transcribe a continuación:



“O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non hai moito tempo, o concepto de accesibilidade estaba ligado de forma case exclusiva á supresión de barreiras arquitectónicas, mentres na actualidade falamos de accesibilidade universal, un concepto moito máis amplo que recolle as necesidades de tódalas persoas.

A accesibilidade universal é unha condición imprescindible para que tódalas persoas poidan exercer os seus dereitos de forma igualitaria e desenvolverse libremente. Implica, non só a eliminación de barreiras físicas, senón tamén psicolóxicas, culturais, informativas e comunicativas.

Segundo o concepto europeo *“a accesibilidade é unha característica básica do espazo construído. É a condición que posibilita o chegar, entrar, saír, empregar as casas, as tendas, os teatros, os parques e os lugares de traballo. A accesibilidade permite ás persoas participar en actividades sociais e económicas para as que se lles concedeu o entorno construído”* ([trad. a.] Concepto Europeo de Accesibilidade, CEAPAT, 1996).

A accesibilidade cognitiva chegou máis recentemente porque as persoas con discapacidade intelectual ou de desenrolo tiveron menos oportunidades para expresar os seus desexos e necesidades. Cando falamos de accesibilidade cognitiva, estamos a facer referencia ás capacidades cognitivas no relacionado co procesamento da información, é dicir, a atención, percepción, memoria, resolución de conflitos ou comprensión.

Abarca todas aquelas estratexias que axudan a que as persoas que presentan necesidades derivadas de procesos cognitivos diferentes poidan acceder á información e procesala para utilizala na súa adaptación ao medio. No caso de persoas con trastornos do espectro do autismo (TEA), unha área de especial dificultade nelas é o procesamento da información que vén do seu entorno social e a interacción con outras persoas. Para isto, apóstase pola mellora da sinalización dos espazos, sinalando, non só o espazo, senón tamén a secuencia da acción, é dicir, o proceso para desenvolver a acción dentro do espazo.

Un **pictograma** é unha representación visual dunha realidade, que pode ser un obxecto, unha acción, un concepto abstracto e mesmo un elemento. Os pictogramas:

- Garanten a comprensión da mensaxe que emitimos, poñendo imaxes ás palabras.
- Facilitan a expresión.
- Centran a atención da persoa no que desexamos transmitirle.
- Axudan a estruturalo espazo e o tempo e a planificar a actividade.

Os carteis nos lugares públicos indícanos o acceso aos diferentes servizos, danos seguridade e facilítannos o uso das instalacións. Responden a preguntas como: “que vou facer?” ou “Onde debo ir?”; situándonos no tempo e no espazo e anticipando o que vai ocorrer. A utilidade que estes símbolos teñen para calquera persoa é a mesma que a sinalización con pictogramas supón para unha persoa con TEA. Estes apoios visuais sérvenlles para:

-Comprender situacións sociais: clarifica a información verbal, as normas explícitas, da seguridade e reduce a ansiedade.

-Mellorar a súa autonomía e independencia: axuda a situarse no espazo e no tempo, a planificar as propias actividades ou tomar decisións.

-Comunicar as súas necesidades ou gustos: con todo isto lógrase que a persoa alcance unha maior calidade de vida.



Cando empregamos pictogramas, o entorno vólvese máis previsible e comprensible á hora de orientarse e de utilizar os servizos. Por extensión, outros colectivos veranse beneficiados deste tipo de adaptacións e atoparán nos pictogramas unha valiosa axuda:

- Persoas con discapacidade cognitivas e mentais.
- Persoas con incapacidade na fala.
- Persoas maiores.
- Nenos e nenas.
- Persoas analfabetas funcionais.
- Estranxeiros que descoñecen o noso idioma.

Ademais dos colectivos mencionados, a accesibilidade beneficia ao conxunto de cidadáns, xa que todos nos podemos atopar temporalmente nunha situación de desvantaxe. Trátase de cambios sinxelos que contribúen ao benestar e á igualdade de dereitos das persoas con discapacidade en xeral e con autismo en particular, dándolles a oportunidade de participar de forma activa na sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1.- Sinalizar con pictogramas os edificios, dependencias, instalacións e espazos públicos do Concello de Redondela. (Posibles: Casa do Concello; Biblioteca; Auditorio; Parques Infantís; Colexios; Piscinas; Pavillóns e Instalacións deportivas; Aparcadoiros; Policía Local; Multiusos; Mercados; Oficina Emprego; Casetas e Puntos de Información; Cuartos de baño...)

2.- Crear unha mesa de traballo para estudar a liña a seguir para a execución deste acordo, trala súa aprobación, onde ademais dos grupos políticos participen asociacións, colectivos e/ou profesionais con coñecementos e experiencia na materia, e que queiran participar e colaborar nesta iniciativa.

3.- Solicitar ao Concello que, á súa vez, se coordine cos demais organismos oficiais con dependencias en Redondela para que colaboren con esta iniciativa de sinalización con pictogramas nos seus espazos no noso concello. (Centro de saúde; Albergue peregrinos (casa da torre); Xulgados, Policía Nacional, INSS, Servizo Galego de Colocación, SEPE, ...)"

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO facilita a AER por traer esta moción xa que afecta a un grupo importante de persoas, e están obrigados á accesibilidade universal. Os pictogramas permiten estruturar a linguaxe. Os pictogramas facilitan a súa vida e a interacción cos demais. Di que hai unha páxina en Internet que se chama ARASAAC, portal aragonés de creación de pictogramas. Lle gustaría que fose a área de servizos sociais respecto á proposta da creación da Mesa. Vai apoair a moción, e fai unha louba a esta proposta.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que van votar a favor, é unha moción importante para as persoas que teñen esa necesidade. A exposición da moción o di todo. Pregunta ao equipo de goberno sobre o retraso no tratamento da moción xa que se presentou o 18 de febreiro e preguntalle se fixo algo neste sentido.

A concelleira PARIS BLANCO di que están a favor do contido e dos acordos plantexados e que queren puntualizar, que o primeiro sería crear unha Mesa de traballo e facer unha sondaxe ás agrupacións afectadas. Felicita a AER por traer esta moción.



A concelleira LAIÑO FERREIRA agradece aos grupos por apoiar á moción, así como aos veciños e ás asociacións. O obxectivo é que o concello se comprometa a sinalizar os edificios públicos de xeito inmediato.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG).

7.3.2. Moción do PP sobre axuda económica á Deputación Pontevedra sobre danos temporais.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PP o día 23/09/2016 con número 14461 que se transcribe a continuación:

Durante o forte temporal que asolou a nosa localidade no mes de Febreiro, moitas estradas sufriron danos moi importantes e cun custe económico valorado polos nosos técnicos en máis de medio millón de Euros.

Dende o goberno Municipal, pedimos axuda tanto o Ministerio de Fomento como a Xunta de Galicia, e a súa resposta de posta a disposición do noso Concello foi inmediata, de feito nos seguintes días, estiveron mostrando o seu apoio os veciños e veciñas de Redondela, o presidente da Xunta Alberto Nuñez Feijoo, a Ministra de Fomento Ana Pastor e o Vicepresidente Alfonso Rueda entre outros cargos institucionais.

Pero a súa colaboración non quedou soamente nesa visita, senon que o Ministerio de Fomento habilitou unha partida de emerxencia, pola que en Redondela xa se están levando acabo obras de recuperación dos danos en parroquias como Cesantes e San Esteban. Por parte da Xunta de Galicia e previa a nosa solicitude de axudas económicas, a súa contestación foi inmediata pondo a disposición do noso concello 186.000€.

Ante esta boa resposta das dúas administracións, tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio de Fomento, nos atopamos que por parte da Deputación de Pontevedra non tivemos nin o máis mínimo apoio. Entendendo que está a administración máis próxima os Concellos e comprobando nestes últimos días como dispoñen de cartos para o Concello de Vigo en materia de Aeroportos (700.000€) a financiación dunha grada en Balaidos, etc, etc. Dende o goberno municipal creemos que é moito máis prioritario que se axude economicamente os Concellos que fomos moi afectados polos citados temporais.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos que se adopte o seguinte acordo de maneira excepcional, polo extraordinario da situación e o elevado custe dos danos:

ACORDO:

1.- - Que a Diputación Provincial contribúa economicamente ca mesma cantidade económica ca Xunta de Galicia, para poder reparar todos os danos ocasionados polos temporais



INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o corpo expositivo da moción non hai por onde collelo. Pregunta se o Ministerio de Fomento fixo algunha xestión que non fora súa e cales foron as xestións que fixo o alcalde coa presidencia da Deputación ou o responsable de obras da Deputación. Logo de seis meses, agora se di que a Deputación non colabora.

O concelleiro VARELA COUÑAGO reitera como insistiron en anteriores plenos, que hai membros do Concello que son deputados provinciais, e que se hai algún tema que primeiro se explique na xunta de voceiros e logo se leve á Deputación. Remata dicindo que na seguinte intervención explicará o seu voto.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que uha vez máis traése unha moción que non ten que debatirse aquí. A moción é unha mentira. Minten para facer ruído e confundir aos veciños e veciñas de Redondela. Esta moción debatiuse na Deputación porque o PSdeG-PSOE levou o tema das inundacións en tres ocasións. Nas reunións mantidas, a Xunta de Galicia non avisou á Deputación, cando debería decidir de xeito igual cos Concellos e a Deputación. Noutros anos cando houbo temporais, a Xunta de Galicia doutros gobernos asumiron o 100% do custe. A primeira vez que a Xunta de Galicia convoca ás Deputacións é en xuño, e lles esixía que aportasen 1/3 cando a Lei de emerxencias di que a competencia é na súa totalidade da Xunta de Galicia.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que traen esta moción para sumar polos intereses dos veciños e veciñas de Redondela. A Deputación de Pontevedra só beneficia ao Concello de Vigo. Hai trato distinto para os grandes concellos que para os pequenos. Tiveron plena disposición e axuda do Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia. Pero da Deputación non tiveron ningunha axuda. Pediron maquinaria á Deputación e trouxeron outra distinta. Piden de xeito axeitado o que outras administracións axudaron. A Deputación debe dar axudas ao Concello de Redondela. Solicita a AER que apoie esta moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se hai urxencia en infraestruturas e hai sobranse da Deputación, deben destinalo a ésta. O Concello recibe unhas axudas e subvencións con criterios obxectivos. Están obcecados en contra da Deputación. O Concello non deu publicidade e non participou en programas de cultura e de patrimonio etnográfico da Deputación. Non respostou se o alcalde se reuniu coa presidenta da Deputación ou responsable de obras, non cumpre coa súa función. Non van apoiar a moción.

O concelleiro VARELA COUÑAGO reitera á concelleira Amoedo Dasilva que antes de traer a moción ao pleno, primeiro que a traten con AER e logo deciden. Van votar en contra.

A concelleira RIVAS GÓMEZ resposta á concelleira Amoedo Dasilva que minte. Hai declaracións da reunión da Xunta de Galicia que se mativo o 2 de xuño, e Redondela non estaba nos concellos iniciais que recibiron subvención.

O Alcalde chama á orde á concelleira Rivas Gómez, por dúas veces, por non cesar na súa intervención no remate do seu turno. Clarexa que chama á presidenta da Deputación o día das inundacións e non lle atendeu, aténdendoo unha persoa do gabinete.



A concelleira AMOEDO DASILVA resposta á concelleira Rivas Gómez que quen minte é ela. A realidade é que Redondela sufriu inundacións e a Deputación non axudou. O Alcalde defende os intereses dos cidadáns. Respecto ao convenio que non se asinou nun primeiro termo, conseguiuase nun segundo tempo. Manifesta á concelleira Rivas Gómez que puido facer presión coa Presidenta da Deputación para que axudara a Redondela logo de pasear pola zona, como fixeron outras Deputacións de Ourense e Coruña, as cales apoiaron aos seu concellos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, rexéitase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 9 votos a favor do PP e 10 en contra (6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG).

O concelleiro VARELA COUÑAGO aclara o seu voto, reitera que xa dixeron que se ía votar en contra sempre que antes non se lles chamase para falar con eles, e cando os chamen votarán en consecuencia.

A concelleira RIVAS GÓMEZ aclara o seu voto, di que presentaron tres mocións na Deputación, e que a Xunta de Galicia ten a competencia de facer o 100% da aportación económica.

7.3.3. Moción do BNG sobre a feira do gando.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG o día 22/04/2016 con número 5273 que se transcribe a continuación:

“Históricamente Redondela, exerceu de cabeceira de comarca, converténdose en referente para os concellos da súa contorna. Este papel de relevancia, baseouse en elementos tan destacábeis como exercer de encrucillada dos camiños de ferro, coa construción dos Viaductos e da Estación de A Portela; a ubicación de diversas entidades de carácter administrativo (xulgados, colexios e institutos, centro de saúde,...), mesmo o destacado desenvolvemento da industria vinculada á confección Un dos piares sobre os que se consolidou o noso concello como cabeceira de comarca constiuíno a celebración das Feiras todos os días 6 e 21 de cada mes.

A Feira de Redondela, servíu durante décadas para fomentar a venda de produtos de carácter local de pequena escala. Á importancia da venda de produtos de carácter téxtil, xunto a produtos agroalimentares, ou de maquinaria e apeiros agrícola, convertéronse nos de maior importancia neste evento quincenal.

Xunto a estes produtos, a venda de animais para o consumo humano, ovino, porcino, e avícola, forneceron de materia prima esta Feira. Pequenos produtores dos arredores achegábanse á Vila, cada quince días.

A venda de produtos agroalimentares na feira redondelá, constituía un importante recurso para moitas familias das parroquias e de concellos veciños. Esta venda sen intermediarios, de pequena escala, permitía unha relación directa entre produtor e consumidor, garantindo un consumo de calidade.

A feira, converteuse nun motor de pulo e desenvolvemento da Vila de Redondela. Moitos dos produtores, potenciais compradores, ou visitantes, aproveitaban para realizar diferentes xestións administrativas, compra nos establecementos locais, etc.



Hai anos, que se rematou coa feira de gando en Redondela. A Xunta de Galicia decidíu clausurala, sen que ata o día de hoxe, se tomara ningún tipo de medida para recuperala. A liña seguida polo goberno do Partido Popular, vai na de concentrar este tipo de feiras, en mercados de grande magnitude.

O Bloque Nacionalista Galego, presentou diversas iniciativas aos orzamentos da Xunta de Galiza, para que se dotara dunha partida específica de 300.000 euros, para a mellora da infraestrutura da Feira do Gando. Como non podía ser doutro xeito, o goberno de Feijóo, rexeitou dita proposta.

A recuperación da Feira do Gando de Redondela, podería converterse nun recurso máis para facilitar a venda de produtos de primeira calidade. Deste xeito o sector agrogandeiro da bisbarra de Redondela, permitiría o desenvolvemento dunha actividade a pequena escala.

Fronte ás políticas auspiciadas pola Xunta de Galiza, nas que se priman as actividades das grandes superficies comerciais, nas que tanto os dereitos dos e das consumidores, como dos produtores e produtoras, están en entredito, recuperar a Feira do Gando de Redondela, permitiría ofertar produtos de calidade e confianza.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita o debate do Pleno da Corporación de Redondela e a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia á celebración do mercado do gando en Redondela.
2. Instar ao alcalde de Redondela, para que leve a cabo as xestións pertinentes para celebración da Feira do Gando en Redondela."

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO na exposición da moción, di que ten que corrixirse o erro no punto 1 do acordo. Onde di "*celebración*" debe dicir "*recuperación*".

O concelleiro VARELA COUÑAGO escoitará as demais exposicións.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que a moción é moi interesante, porque é uha recuperación do mercado e comercio tradicional. As feiras son unha afouteza máis da economía. A Xunta decidiu desfacerse no seu día das feiras de gando e apostar noutras infraestuturas. O que se pretende e que se estableza un mercado local. Esixen á Xunta que en Redondela se retome este mercado así como un lugar de celebración da feira. O PSdeG-PSOE ponse a disposición do goberno municipal para aportar ideas.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que non teñen inconvinte en debater e aprobar mocións que benefician a Redondela. Pregunta se esta moción é resposta dunha petición popular. Pregunta se hai esa demanda en Redondela. Di que a causa da morte da feira do gando en Redondela foi porque non cumpría sanitariamente. No ano 2008 o concelleiro de entón Alberto Pazos fixo unha pregunta respecto á feira do gando, e lle respostaron que estaban pendentes de permisos de costas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta ao concelleiro Álvarez Ballesteros que hai unha demanda e que hai veciños que plantexan que notouse a falta da feira. Di que sabe que hai que cumprir cunha normativa sanitaria. É un problema que ten aberto a Xunta de Galicia e que o BNG levou ao Parlamento de Galicia e o PP votou en contra. Hai unha cultura alternativa de produtos de pequena escala e pequeno comercio fronte



as grandes compañías, que se poden poñer en valor. Di que esta petición ten a súa lóxica e o Concello de Redondela tense que manifestar.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que van votar a favor.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que do que se trata é de buscar que se potencie o mercado cos animais para o consumo. O Alcalde ten que tomar interese neste asunto e recuperar a feira do gando. Repite que están para aportar ideas.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que non aportan datos de ningún tipo. Como o lugar onde facer a feira, se é rentable ou non. No seu día cando gobernaron pediron permiso a medio rural e requiriron deficiencias e non se respostaron.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cando se fala da feira do gando de Redondela, todos saben onde está. Está nun entorno de equipamentos e dotacional, pensa que é unha infraestrutura que se vai ocupar dúas veces ao mes e que beneficiaría ao municipio. O equipo de goberno cree na feira do gando. E a feira serviría como revulsivo ás familias e mercado.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 10 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER e 1 do BNG) e 9 votos en contra do PP.

7.4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

1. Preguntas AER sobre o balance económico do Entroido de Verán e outras. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13474).

Trátase a pregunta 6. pendente do pleno ordinario do 8 de setembro de 2016.

O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 39 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta a seguintes PREGUNTAS, para a súa contestación no vindeiro Pleno Ordinario.

O pasado sábado 20 de agosto celebrouse un ano máis o Entroido de Verán de Redondela. Do mesmo xeito, o pasado día 9 de agosto de 2016 a presente Agrupación preguntou por rexistro unha serie de cuestións respecto ao Entroido de Verán 2016 que non foron contestadas a día de hoxe. Tendo ademais en conta as intencións manifestadas polo concelleiro de Cultura, que renuncia neste pleno seu cargo, trala pasada edición de reformular este evento de cara a melloralo.

Unha vez examinada a seguinte documentación:

- Bases reguladoras e normas para a instalación barras exteriores nas terrazas dos establecementos de hostalaría e postos para venda de comidas durante o Entroido de verán.



- Bases reguladoras para a instalación barras polos establecementos de hostalaría no recinto da festa do Entroido de Verán.

E unha vez observado o resultado do evento celebrado ao longo do pasado 20 de agosto e da madrugada do día 21.

En virtude do anteriormente exposto, realizamos as seguintes preguntas:

.....

6.Pregunta sobre vertido no río Maceiras. O pasado 6 de setembro houbo un vertido que provocaba un forte fedor no río Maceiras; saben a súa procedencia?.

RESPOSTA: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS resposta que a policía non puido asegurar a procedencia do verquido.

2. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre xestión e trámites en relación co Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13459).

O alcalde de Redondela comprometeuse, tanto coa veciñanza como cos grupos da oposición, a facer un estudo da situación do Centro Cultural de Trasmañó. Despois de meses non temos resposta, nin información ao respecto.

1. Como está a xestión e que trámites se fixeron en relación ao Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó na actualidade?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que o expediente está en Xestión co número 378/2016 e que poden solicitar ter acceso a él.

3. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre asfaltado chaira de terra preto da pasarela Cubillón e inmediacións Alameda Chapela. (Rex. Entrada 28.09.2016, 2016-E-RC-14614).

Coa obra de mellora e reparación da pasarela do Cubillón, a chaira de terra utilizada normalmente de aparcadoiro que se atopa seguidamente desta infraestrutura e nas inmediacións da Alameda de Chapela estaba nun estado deplorable. Agora co remate das obras preto desta zona, o terreo foi soamente nivelado.

1. O Goberno Municipal do PP pediu o asfaltado da chaira de terra que se atopa preto da pasarela do Cubillón e das inmediacións da Alameda de Chapela?

RESPOSTA: O Alcalde resposta que o seguinte paso da obra da pasarela é o asfaltado para que sexa un aparcamento operativo.

ROGOS

Sobre o Persoal de Confianza: Coordinadora de transparencia e coordinadora de concelleiros.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Rogo do grupo municipal AER o día 28/09/2016 con número 14649 que se transcribe a continuación:

O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 39 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta o seguinte ROGO, para a súa formulación no vindeiro Pleno Ordinario.

ROGO

Sobre o Persoal Temporal ou “de Confianza” do Equipo de Goberno: Coordinadora de Transparencia e Coordinadora de Concelleir@s

No pleno de organización de xuño 2015, ao inicio deste mandato, aprobáronse as contratacións de dúas traballadoras temporais (persoal de confianza) para os postos de “Coordinadora de Transparencia” e “Coordinadora de Concelleir@s” .

A este rogo axúntase a modo de Anexo, o correo electrónico do 30.05.2016 que o Alcalde Javier Bas envía a todos os grupos da oposición e que el mesmo define como “Aclaracións a cuestións relativas ao Pleno de Organización”. Neste correo, entre outras aclaracións, defínense as diversas funcións correspondentes a ambos postos de traballo.

Todos sabemos que na recepción de Alcaldía do noso Concello están integradas agora mesmo estas dúas traballadoras temporais (persoal de confianza) do Equipo de Goberno.

No referente á Coodinadora de Transparencia, claramente di nas súas aclaracións que “levará os temas de transparencia. Esta ía ser a persoa encargada de instaurar o Portal de Transparencia e enchelo con, como mínimo, os contidos que a lei marca e co que xa levamos anos de retraso polo seu continuo desinterese.

En ningún momento está nas súas atribucións deste posto realizar funcións de atención ao público en Alcaldía, tomar notas ou recados, contestar ás chamadas destinadas a Alcaldía, derivalas se é o caso e se non, dar conta delas a quen corresponda, ou o que ven sendo o mesmo, verse obrigada a canalizar en numerosas ocasións moitas das comunicacións da Alcaldía. Isto sucede por non estar situada no que realmente debería ser o seu lugar de traballo, funcións que a separan das súas verdadeiras tarefas influíndo negativamente no seu labor ao restarlle moito tempo de traballo e atención das súas propias tarefas, debido ás continuas interrupcións ás que se ve sometida diariamente no seu actual lugar de traballo, e que no departamento de Novas Tecnoloxías do Concello de Redondela, onde debería ter o seu sitio, non pasaría. Recordamos ao señor Alcalde que cando formulou a súa proposta sobre este posto deixou claro que esta persoa formaría parte do Departamento de Novas Tecnoloxías e un ano e cinco meses despois segue sen estar no lugar acordado.

Todos sabemos que Alcaldía non é o lugar de traballo axeitado para este posto, e máis tendo un Departamento de Novas Tecnoloxías no noso Concello que de seguro a súa unión beneficiaría ás dúas partes e por extensión aos servizos deste Concello.

No referente á “Coordinadora de Concelleir@s” recordar que entre as súas funcións si ten atriuídas todas esas tarefas anteriormente nomeadas entre outras, que a Coordinadora de Transparencia vese en moitas ocasións obrigada a asumir debido ás continuas ausencias no seu posto de traballo desta “Coordinadora de Concelleir@s”; que realmente é a encargada das comunicacións da Alcaldía. Función que é a que máis afecta á atención directa e comunicación da Alcaldía c@s veciñ@s, concelleir@s e demais traballador@s do propio Concello, e que ven sendo unha importante tarefa propia e ben definida da Coordinadora do Concelleir@s: “Xestionar as comunicacións da alcaldía”.

Sinalar a maiores sobre outra tarefa tamén propia desta “Coordinadora de Concelleir@s” de “Coordinar aos concelleiros nas distintas actuacións do Concello e

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



que habitualmente afectan a máis dunha área”.- Recordar que son numerosos os avisos que @s concelleir@s de oposición temos que dar a Alcaldía por acumulación de comisións de distintos departamentos practicamente á mesma hora, e ser nós mesmos @s concelleir@s, os que informen á propia “Coordinadora de Concelleir@s” da práctica ou total coincidencia das mesmas.

ROGAMOS ao Señor Alcalde que cumpra a súa palabra de trasladar a traballadora co posto de “Coordinadora de Transparencia” aprobado no pleno de organización baixo as condicións descritas e que actualmente aínda se atopa situada na recepción de Alcaldía, ao Departamento de Novas Tecnoloxías, coma así se acordou no seu momento e onde poderá realizar dunha forma moito máis efectiva e produtiva a súa labor co Portal de Transparencia, principal motivación para a súa contratación.

E paralelamente ROGAMOS que a “Coordinadora de Concelleir@s” se centre máis nas labores propias para as que foi aprobado o seu posto en pleno, que teñen moito que ver coas Comunicacións de Alcaldía e con todas as que chegan a este departamento, non só coas que vostedes consideran máis relevantes e que en ningún caso terían que ver con funcións políticas. ROGAMOS cumpra cos seus horarios de atención a cidadanía para a necesaria fluidez e efectividade na comunicación da mesma coa Alcaldía, función entre outras para a cal se aprobou este posto e que sen ela non se tería levalo adiante: Xestionar as comunicacións da alcaldía.

O Alcalde resposta que a coordinadora dedica moitas horas ao Concello. Di que con esta moción se está perseguindo a unha persoa. Voluntariamente a coordinadora de novas tecnoloxías na súa hora de descanso colle o teléfono e atende á cidadanía. O portal de transparencia se está desenvolvendo e pertence ao departamento de novas tecnoloxías ubicado en alcaldía.

O concelleiro VARELA COUÑAGO solicita ao Alcalde que retire o que manifesteu de persecución a unha persoa, porque na moción non se recolle nada desa cuestión.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-